

## I. DISPOSICIÓNS XERAIS

### CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

*ORDE do 6 de novembro de 2013 pola que se aproban e se dá publicidade aos modelos oficiais de solicitude de autorización de persoas e entidades para desenvolver actividades de auditoría dos sistemas de prevención e de notificación sobre a concorrencia das condicións que non fan necesario recorrer á auditoría do sistema de prevención, que se presentarán na Comunidade Autónoma de Galicia.*

O Estatuto de autonomía de Galicia no seu artigo 29.1º atribúelle á Comunidade Autónoma, en concordancia co artigo 149.1º.7 da Constitución española, a competencia de execución da lexislación do Estado en materia laboral, asumindo as facultades, funcións e servizos correspondentes a este ámbito.

Como normativa estatal básica, o Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, modificado polo Real decreto 337/2010, do 19 de marzo, polo que se regulan os servizos de prevención, establece no seu artigo 33 que as persoas ou entidades especializadas que pretendan desenvolver a actividade auditora do sistema de prevención deberán contar coa autorización da autoridade laboral competente do lugar onde radiquen as súas instalacións principais, logo de solicitude ante esta, nas cales se farán constar as previsións sinaladas nas alíneas a), c), d), e) e g) do artigo 23 desta disposición.

O artigo 29.3º do dito real decreto establece que as empresas de ata 50 traballadores, con actividades non incluídas no anexo I, que desenvolvan as actividades preventivas con recursos propios, considerarase que cumpriron coa obriga da auditoría cando cubran e remitan á autoridade laboral competente unha notificación sobre a concorrencia das condicións que non fan necesario recorrer a esta, segundo o modelo establecido no anexo II deste regulamento.

O Decreto 42/2013, do 21 de febreiro, que establece a estrutura orgánica da Consellería de Traballo e Benestar atribúe a esta consellería a competencia nas materias de emprego e relacións laborais e, a través da Dirección Xeral de Traballo e Economía Social, correspóndelle, entre outras, a execución das competencias en materia de seguridade e saúde laboral.

O procedemento de autorización de persoas e entidades para desenvolver actividades de auditoría dos sistemas de prevención e o de notificación sobre a concorrencia das con-



dicións que non fan necesario recorrer á auditoría do sistema de prevención son tramitados na Comunidade Autónoma de Galicia, a través da Consellería de Traballo e Benestar, polo Servizo de Seguridade e Saúde Laboral dependente da Dirección Xeral de Traballo e Economía Social.

Por outra banda, á vista do establecido na Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, e do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes, así como na Orde do 12 de xaneiro de 2012 pola que se regula a habilitación de procedementos administrativos e servizos na Administración xeral e no sector público autonómico de Galicia, resulta imprescindible adaptar os modelos da solicitude e da notificación ás novas exigencias ofrecendo a posibilidade de levar a cabo a súa presentación a través de medios telemáticos, facilitando así a comunicación entre a Administración e a sociedade.

Polo anteriormente exposto, consultado o Consello Galego de Relacións Laborais e obtidos os informes preceptivos na tramitación, e en exercicio das atribucións conferidas polo artigo 34.6º da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

#### DISPOÑO:

##### Artigo 1. *Obxecto*

Aprobar e dar publicidade aos modelos normalizados, de solicitude de autorización de persoas e entidades para desenvolver actividades de auditoría dos sistemas de prevención así como de notificación sobre a concorrencia das condicións que non fan necesario recorrer á auditoría do sistema de prevención, que se presentarán na Comunidade Autónoma de Galicia, que se conteñen nos anexos desta orde, en virtude do establecido nos artigos 33 e 29.3º do Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, modificado polo Real decreto 337/2010, do 19 de marzo, polo que se regulan os servizos de prevención.

##### Artigo 2. *Presentación*

1. Os referidos modelos deberán presentarse ante o Servizo de Seguridade e Saúde Laboral, dependente da Dirección Xeral de Traballo e Economía Social da Consellería de Traballo e Benestar da Comunidade Autónoma de Galicia.



2. Os modelos de solicitude e de notificación deberán presentarse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario de comunicación normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.es>, de acordo co establecido nos artigos 27 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, e 24 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes. Para a presentación dos formularios será necesario o documento nacional de identidade electrónico ou calquera dos certificados electrónicos recoñecidos pola sede da Xunta de Galicia.

3. A documentación que a persoa solicitante desexe achegar xunto cos respectivos formularios poderá presentarse electronicamente, utilizando calquera procedemento de copia dixitalizada do documento orixinal. Neste caso, as copias dixitalizadas presentadas garantirán a fidelidade co orixinal baixo a responsabilidade da persoa solicitante. A Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada segundo o disposto no artigo 35.2º da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, e 22.3º do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes.

4. No caso de non presentarse de forma telemática, poderase optar por presentar a solicitude ou notificación que corresponda e demais documentación que consideren axeitada en soporte papel, por calquera dos medios establecidos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 6 de novembro de 2013

Beatriz Mato Otero  
Conselleira de Traballo e Benestar





**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE TRABALLO  
E BENESTAR

## ANEXO I

PROCEDIMENTO <b>AUTORIZACIÓN DE PERSOAS FÍSICAS OU ENTIDADES ESPECIALIZADAS PARA A REALIZACIÓN DE AUDITORÍAS DO SISTEMA DE PREVENCIÓN DAS EMPRESAS</b>	CÓDIGO DO PROCEDIMENTO <b>TR841A</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
---	---	--------------------------------

**TIPO DE SOLICITUDE**

Autorización     
  Modificación     
  Baixa

**DATOS DA PERSOA SOLICITANTE**

NOME/RAZÓN SOCIAL  NIF

TIPO  NOME DA VÍA  NÚMERO  BLOQUE  ANDAR  PORTA

CÓDIGO POSTAL  PROVINCIA  CONCELLO  LOCALIDADE

TELÉFONO  FAX  CORREO ELECTRÓNICO

CÓDIGO DE COTIZACIÓN Á SEGURIDADE SOCIAL

**E, NA SÚA REPRESENTACIÓN** (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME  PRIMEIRO APELIDO  SEGUNDO APELIDO  NIF

**ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN** (non é necesario se coincide co anterior)

TIPO  NOME DA VÍA  NÚMERO  BLOQUE  ANDAR  PORTA

CÓDIGO POSTAL  PROVINCIA  CONCELLO  LOCALIDADE

TELÉFONO  FAX  CORREO ELECTRÓNICO

**ÁMBITO TERRITORIAL**

Nacional   
  C.A. Galicia   
  A Coruña   
  Lugo   
  Ourense   
  Pontevedra   
  Outros ámbitos


**PREVISIÓN DA ACTIVIDADE**

NÚMERO DE EMPRESAS	NÚMERO DE TRABALLADORES/AS
<input type="text"/>	<input type="text"/>

**DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA OU DECLARA QUE ESTÁ EN PODER DA CONSELLERÍA**

Documentación relativa aos/as traballadores/as

	PRESENTADO	CÓD. PROC.	EXPTÉ.	ANO
<input type="checkbox"/> Contratos (un ou varios) laborais ou mercantís	<input type="checkbox"/>			
<input type="checkbox"/> Currículo vital dos/as traballadores/as	<input type="checkbox"/>			
<input type="checkbox"/> Título/s universitario/s dos/as traballadores/as	<input type="checkbox"/>			
<input type="checkbox"/> Título/s de prevención dos/as traballadores/as	<input type="checkbox"/>			
<input type="checkbox"/> Nº de colexiado de Medicina do Traballo	<input type="checkbox"/>			
<input type="checkbox"/> Copia/s de autorización de compatibilidade	<input type="checkbox"/>			
<input type="checkbox"/> Certificado/s de compatibilidade horaria	<input type="checkbox"/>			
<input type="checkbox"/> Concerto con expertos/as de nivel superior	<input type="checkbox"/>			



CVE-DOG: 61sf2el8-y57-jr50-1eh0-ijmmq3mbnod4



**XUNTA DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE TRABALLO  
E BENESTAR

**ANEXO I**  
(continuación)

**Documentación relativa á empresa solicitante**

	PRESENTADO	CÓD. PROC.	EXpte.	ANO
<input type="checkbox"/> Copia da escritura da constitución da sociedade (copia simple mercantil)	<input type="checkbox"/>			
<input type="checkbox"/> Escritura da sociedade: poderes	<input type="checkbox"/>			
<input type="checkbox"/> Certificado do Rexistro Mercantil de escritura da sociedade	<input type="checkbox"/>			
<input type="checkbox"/> Código de conta de cotización á Seguridade Social	<input type="checkbox"/>			
<input type="checkbox"/> Descrición da actividade que se realizará en cada especialidade	<input type="checkbox"/>			
<input type="checkbox"/> Compromiso de non vinculación	<input type="checkbox"/>			

**Documentación relativa a instalacións e equipos**

	PRESENTADO	CÓD. PROC.	EXpte.	ANO
<input type="checkbox"/> Concertos con laboratorios químicos	<input type="checkbox"/>			
<input type="checkbox"/> Concertos con laboratorios microbiolóxicos	<input type="checkbox"/>			
<input type="checkbox"/> Concertos con laboratorios de hixiene industrial	<input type="checkbox"/>			
<input type="checkbox"/> Facturas dos equipos técnicos e sanitarios	<input type="checkbox"/>			
<input type="checkbox"/> Contratos de arrendamento das instalacións ou similar (documento de cesión etc.)	<input type="checkbox"/>			
<input type="checkbox"/> Escritura/s de compravenda das instalacións	<input type="checkbox"/>			
<input type="checkbox"/> Certificado de autorización do centro sanitario para Medicina do Traballo	<input type="checkbox"/>			
<input type="checkbox"/> Concerto con expertos/as de nivel superior	<input type="checkbox"/>			

Autorizo a Dirección Xeral de Traballo e Economía Social de conformidade co artigo 35 letra f) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e 4 da Orde do 12 de xaneiro de 2012, pola que se regula a habilitación de procedementos administrativos e servizos na Administración xeral e no sector público autonómico de Galicia, á consulta a documentación indicada anteriormente. Así mesmo, declaro que a devandita documentación se mantén vixente na actualidade e que non transcorreron máis de cinco anos desde a finalización do procedemento a que corresponde.

**DECLARACIÓN RESPONSABLE E COMPROMISOS**

- O solicitante comprométese a non manter coas empresas concertadas vinculacións comerciais, financeiras ou de calquera outro tipo, distintas ás propias da súa actuación como entidade auditora, que poidan afectar a súa independencia e influír no resultado da súa actividade.
- Do mesmo xeito, tales persoas non poderán realizar para a mesma ou distinta empresa actividades en calidade de entidade especializada para actuar como servizo de prevención, nin manter con estas últimas vinculacións comerciais, financeiras ou de calquera outro tipo distintas das que concerte a propia auditora como empresa para desenvolver as actividades de prevención no seo desta.

A persoa abaixo asinante faise responsable da veracidade dos datos consignados e da documentación que se xunta e solicita a concesión de autorización como auditor ou entidade especializada para a realización de auditorías do sistema de prevención das empresas. Así mesmo, autoriza a Dirección Xeral de Traballo e Economía Social verificar os datos anteriores mediante solicitude de información por calquera medio ás administracións públicas correspondentes, de conformidade coa Orde do 12 de xaneiro de 2012 pola que se regula a habilitación de procedementos administrativos e servizos na Administración xeral e no sector público autonómico de Galicia.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmo/a de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante un escrito dirixido a este centro directivo como responsable do ficheiro.


**LEXISLACIÓN APLICABLE**

Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención.  
Orde TIN/2504/2010, do 20 de setembro de 2010 pola que se desenvolve o Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención.  
Orde do 6 de novembro de 2013 pola que se aproban e se dá publicidade aos modelos oficiais de solicitude de autorización de persoas e entidades para desenvolver actividades de auditoría dos sistemas de prevención e de notificación sobre a concorrencia das condicións que non fan necesario recorrer á auditoría do sistema de prevención, que se presentarán na Comunidade Autónoma de Galicia.

**SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE**

Lugar e data

,  de  de



Dirección Xeral de Traballo e Economía Social



PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
EXENCIÓN DE AUDITORÍA DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS	<b>TR845A</b>	NOTIFICACIÓN

**DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE**

RAZÓN SOCIAL  NIF

TIPO  NOME DA VÍA  NÚMERO  BLOQUE  ANDAR  PORTA

CÓDIGO POSTAL  PROVINCIA  CONCELLO  LOCALIDADE

TELÉFONO  FAX  CORREO ELECTRÓNICO

De nova creación   
  Xa existente   
 CNAE 2009/ACTIVIDADE ECONÓMICA

ENTIDADE XESTORA OU COLABORADORA DE ACCIDENTES DE TRABALLO E ENFERMIDADES PROFESIONAIS (AT. E EP.)

CLASE DE CENTRO DE TRABALLO (OBRADOIRO, OFICINA ETC.)  Nº DE TRABALLADORES/AS

DATA DA ÚLTIMA AVALIACIÓN DE RISCOS REALIZADA  SUPERFICIE CONSTRÚIDA EN METROS CADRADOS

**E, NA SÚA REPRESENTACIÓN** (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME  PRIMEIRO APELIDO  SEGUNDO APELIDO  NIF

EN CALIDADE DE  DA ENTIDADE

**DECLARO QUE A EMPRESA A QUE REPRESENTO**  
 Cumpre as condicións establecidas no artigo 29 do Regulamento dos servizos de prevención e, en consecuencia, atendendo á documentación que presentamos, se proceda co rexistro e consideración pola autoridade laboral competente.

**ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN** (non é necesario se coincide co anterior)

TIPO  NOME DA VÍA  NÚMERO  BLOQUE  ANDAR  PORTA

CÓDIGO POSTAL  PROVINCIA  CONCELLO  LOCALIDADE

TELÉFONO  FAX  CORREO ELECTRÓNICO

**DATOS DO CENTRO DE TRABALLO**

Nº DE TRABALLADORES/AS RESPONSABLE DA ACTIVIDADE PREVENTIVA NO CENTRO DE TRABALLO (marcar cunha x o cadro que proceda)

Empresario/a   
  Traballador/a designado/a   
  Servizo de prevención propio   
  Servizo de prevención mancomunado

**ENDEREZO DO CENTRO DE TRABALLO**

TIPO  NOME DA VÍA  NÚMERO  BLOQUE  ANDAR  PORTA

CÓDIGO POSTAL  PROVINCIA  CONCELLO  LOCALIDADE

TELÉFONO  FAX  CORREO ELECTRÓNICO





XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE TRABALLO  
E BENESTAR

ANEXO II  
(continuación)

RESUMO DOS DATOS RELATIVOS Á PREVENCIÓN DE RISCOS	
RISCOS EXISTENTES	ACTIVIDADE PREVENTIVA PROCEDENTE

DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA OU DECLARA QUE ESTÁ EN PODER DA CONSELLERÍA	PRESENTADO	CÓD. PROC.	EXPTE.	ANO
<input type="checkbox"/> Formulario debidamente cuberto en todas as súas epígrafes.	<input type="checkbox"/>			
<input type="checkbox"/> Copia da última avaliación realizada na empresa obxecto da notificación (co lugar, data, sinatura do responsable da actividade preventiva na súa empresa e, de ser o caso, selo da empresa).	<input type="checkbox"/>			
<input type="checkbox"/> Copia da documentación que acredite a idoneidade do/a empresario/a para o desempeño da actividade preventiva na súa empresa.	<input type="checkbox"/>			
<input type="checkbox"/> No caso da designación dun/dunha traballador/a para desenvolver a acción preventiva nesa empresa: escrito con declaración expresa da designación e copia do documento que acredite a súa cualificación en materia preventiva.	<input type="checkbox"/>			


Autorizo a Dirección Xeral de Traballo e Economía Social, de conformidade co artigo 35 letra f) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e 4 da Orde do 12 de xaneiro de 2012 pola que se regula a habilitación de procedementos administrativos e servizos na Administración xeral e no sector público autonómico de Galicia, á consulta da documentación indicada anteriormente. Así mesmo, declaro que a devandita documentación se mantén vixente na actualidade e que non transcorreron máis de cinco anos desde a finalización do procedemento ao que corresponde.

**LEXISLACIÓN APLICABLE**  
Artigo 29 do Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención, modificado polo Real decreto 337/2010, do 19 de marzo.  
Orde TIN/2504/2010, do 20 de setembro de 2010 pola que se desenvolve o Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención.  
Orde do 6 de novembro de 2013 pola que se aproban e se dá publicidade aos modelos oficiais de solicitude de autorización de persoas e entidades para desenvolver actividades de auditoría dos sistemas de prevención e de notificación sobre a concorrencia das condicións que non fan necesario recorrer á auditoría do sistema de prevención, que se presentarán na Comunidade Autónoma de Galicia.

**SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE**

Lugar e data

,  de  de



Dirección Xeral de Traballo e Economía Social

CVE-DOG: 61sf2e18-y57-jr50-1eh0-ijmmq3mbnod4

